

## DOG Nº 9 , 15 de xaneiro de 2010

*Resolución do 11 de xaneiro de 2010, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan as axudas e subvencións destinadas ás entidades galegas no exterior para a realización de proxectos promovidos pola xuventude no exercicio 2010*

### ORGANISMO

Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

### BENEFICIARIOS

Poderán ser beneficiarios das axudas establecidas para este programa as entidades galegas que teñan recoñecida a galegitude de conformidade coa Lei 4/1983, do 15 de xuño, de recoñecemento da galegitude, ou a súa condición de centro colaborador mediante resolución aprobatoria ditada pola Secretaría Xeral da Emigración ao abeiro da disposición adicional única do Decreto 195/1991, do 30 de maio, polo que se modifica o Regulamento de organización e funcionamento do Consello de Comunidades Galegas, así como aquelas institucións e asociacións sen fins de lucro radicadas no exterior, legalmente constituídas e que contribúan a favorecer a difusión e preservación do patrimonio cultural galego no exterior.

### ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES

Poderanse subvencionar as actividades realizadas polas entidades galegas coa participación dos mozos e mozas e en favor dos membros da colectividade **ata os 30 anos de idade**, referidas a:

1. Formación específica dos mozos e mozas na xestión das entidades galegas e das institucións e asociación sen fins de lucro. Habilidades directivas.
2. Intercambios xuvenís de grupos de mozos e mozas pertencentes ás comunidades galegas para a realización de actividades culturais, musicais, deportivas e sociais.
3. Formación específica dos mozos e mozas para o coñecemento e emprego das novas tecnoloxías da comunicación.
4. Promoción de actividades deportivas, en calquera especialidade, e fomento das escolas deportivas para a promoción do deporte de base.
5. Creación e apoio de grupos de teatro, música e danza.
6. Realización de actividades culturais (cursos, ciclos de conferencias, mostras, ciclos de cine galego ou de teatro, concertos) destinadas especificamente ao colectivo de mozos e mozas da colectividade.
7. Creación de foros de debate e intercambio cultural entre mozos da emigración e mozos galegos, así como entre intelectuais, científicos e expertos en diversos eidos de Galicia e do país onde estes foros teñan lugar.

### CONTÍA

Para a concesión das axudas previstas nesta resolución resérvase inicialmente un crédito total de 122.150 €. A devandita contía poderase incrementar.

### PRAZO

O prazo de presentación de solicitudes será de **corenta e cinco días naturais** contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no Diario Oficial de Galicia.